

# UNS SOLTAN\* BOMBAS\* \*MENTRES\* \*OUTROS SOLTAN BÁGOAS\*

vista

Era inverno, tiña frío. Chegaba tarde a casa, eran as 00:00. Estaba todo escuro. Já pensando na bronca que me botarían os meus pais ao chegar. De súpeto, tropezei. Alguén me agarrou pola perna. Non entendía nada. Non sentía nada. Non lembraba nada. Durmín.

Estaba todo escuro. Unha rata pasou por riba da miña man. Parecía o soto dunha casa. Estaba simplemente alumeado por un rizo de luz, que proviña dunha xanela, no fondo do cuarto. Fora oísense ruidos. Voces berrando. Xente chorando. Tiña medo. Quedeí quieta. Oíuse un Boom! Seguido doutro, e doutro, e doutro...

O balbordo cesou. Tiña entriega do que sucedía nas rúas. Abrín a fiestra. Saín. Todo estaba diferente. Fun correndo cara á miña casa. Non había nada. Os edificios e casas da zona caíran. Non quedaba nada. Ninguén...

Xoana García Pérez

# A CHAMADA

-Atopeino. Non é moi extenso. Léoche:

"Xa vai para tres meses que non durmo, as chamadas son cada vez máis seguidas. Comezaron sendo ás 3 da mañá e agora xa non hai un patrón. Chámame un número que non coñezo, non se escoita nada, só o que penso que é unha máquina de coser. E cando colgo, esa mensaxe con tres puntos suspensivos. Non ten nome. Non ten número. Pero sempre chega"

Agora xa sabemos por que está no manicomio.

Vémonos mañá? Chao

RING! RING!


-Diga?

-Tac, Tac, Tac, Tac (...)

Moraima Fernández Míguez

# O MISTERIO DA PEQUENA IGREJA

Nunha noite chuviosa, eu caminaba sola, polas rúas estreitas dunha aldea galega abandonada. O vento asubíabala entre as casas de pedra en ruínas, e a néboa envolvía todo cunha atmosfera sinistra, sentíame inquieta.




Sen saber porque me achegara a aquel lugar esquecido. Ao longo da rúa, ví unha vella igrexa de aspecto tenebroso. A súa campá pendía cun ángulo precario. Ao pasar escoitei un eco agochado de risas infantís; inmóbil, mirei ao redor, pero non había ninguén a vista.

As risas continuaron, máis desta volta, parecían máis distantes, como se unesen da igrexa.

Curosa, entrei, na escura igrexa. A medida que avanzaba, o chan renxeu baixo os meus pasos e sentíame observada.

Alcanzei o altar, e aí, no fervor da escuridade, atopei uns nenos pequenos, vestidos con traxes antigos. Rían e bailaban en círculo, ao redor dunha vella lausa funeraria. O seu riso era diabólico, e os seus ollos brillaban como carbóns ardentes.

Fuxín da igrexa a toda velocidade, deixando tras de min unhas risas macabras. Aquela noite, comprendín que a aldea galega gardaba segredos, aterradores, e o misterio dos nenos espectrais continuou atormentándome nos meus pesadelos.



Ariadna López Fernández



Xoel Vázquez Molares



Anxo Couso Pereira